

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN – MEDIANTE 7 LOTES - DA IMPLEMENTACIÓN DE ITINERARIOS INTEGRADOS PARA A MELLORA DA FORMACIÓN E A EMPREGABILIDADE DAS PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL, NO MARCO DO PROXECTO “EMPREGALIA” COFINANCIADO NUN 91,89% POLO FONDO SOCIAL EUROPEO (CÓDIGO PROXECTO: 17241EMPREGALIA). EXPTE. REF. 52-2017. APERTURA DOS SOBRES QUE CONTEÑEN A PROPOSTA TÉCNICA RELATIVA A CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR.

Sendo as 13:00 horas do día 19 de febreiro de 2018, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por don Xosé Manuel Cao Rei, Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento e actuando como vocais:

- don Manuel Louzao Aldariz, Titular da Asesoría Xurídica,
- don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Xeral,
- dona Paulina Gamazo Medina, técnica de emprego e actuando como secretaria dona Carmen Menéndez López, persoal do Servizo de contratación, patrimonio e fomento.

Asisten o acto público de apertura:

- dona Rosario Debasa Díaz, en representación da mercantil G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS S.L..
- don Luis Abelleira Mayor, en representación da mercantil ACTIVIDADES AERONÁUTICAS LUCENSES, S.L. Así mesmo, don Luis Abelleira, manifesta que é o presidente de CRUZ ROJA ESPAÑOLA.

Abre a sesión o presidente da Mesa, informando que tódalas empresas presentadas foron admitidas á licitación; e procedendo a continuación á apertura dos sobres B) que conteñen a proposta técnica, relativa a criterios avaliáveis mediante xuízo de valor, co seguinte resultado:

1.- **ACTIVIDADES AERONÁUTICAS LUCENSES, S.L.**, presenta oferta para o lote 5 APLICACIÓN E MANEXO DE SISTEMAS AÉREOS NON TRIPULADOS, (2 edicións) presenta un *dossier* no que se recolle o programa de traballo e a metodoloxía de traballo, contén ademais os curriculums do persoal que vai impartir a acción formativa, instrumentos de avaliación e ferramentas informáticas.

2.- **G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS SL**, presenta oferta para o lote 3 OPERACIÓNS BÁSICAS DE COCIÑA (1 edición), presenta un *dossier* no que se recolle o programa de traballo e a metodoloxía de traballo.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/cbg

Refª: Acta apertura ofertas tecnicas B)

Asunto:

3.- **CRUZ ROJA ESPAÑOLA**, presenta oferta para os lotes 4 DINAMIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE EDUCATIVO, e lote 7 SOCORRISMO EN INSTALACIÓN ACUÁTICAS (1ª edición), presenta un *dossier* por cada unha das accións formativas ás que presenta oferta co programa de traballo e a metodoloxía de traballo así como numerosa documentación.

4.- **COMBINA SOCIAL S.L**, presenta oferta para o lote 1 ACTIVIDADES AUXILIARES EN VIVEIROS, XARDÍNS E CENTROS DE XARDINERÍA (2 edicións), presenta un *dossier* no que se recolle o programa de traballo e a metodoloxía de traballo.

Á vista do cal obsérvase que a o lote 2 OPERACIÓNS BÁSICAS DE CÁTERING (2 edición) e o lote 6 SOCORRISMO EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS (1ª edición), non se presentou ningunha oferta, polo que os membros da mesa acordan solicitar ao servizo proponente que tente averiguar as posibles causas, proponendo as medidas correctoras oportunas ou, de ser o caso, a procedencia dunha nova convocatoria nos mesmos termos.

Así mesmo os membros da mesa acordan enviar a documentación presentada a informe técnico da Axente de Desenvolvemento Local, con carácter previo á apertura do sobre C) que contén a oferta económica.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:30 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTE,

Asdo.: Xosé Manuel Cao Rei.



A SECRETARIA,

Asdo.: Carmen Menéndez López.